

**Xabier Pérez Igrexas, en calidade de concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de Vigo, ao abeiro do establecido nos artigos 83 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa de aplicación, formula as seguintes**

***EMENDAS PARCIAIS AO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS  
DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2023 (Expdte. 76/142)***

aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de novembro 2022, e para o que a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria do 3 de novembro de 2022, após dar traslado a todos os grupos políticos do referido expediente fixou un prazo de presentación de emendas até o 11 de novembro de 2022.

***I) CREACIÓN DE NOVAS PARTIDAS DE GASTO:***

Nº 01

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Funcionamento de centros docentes

**Cantidade:** 250.000€

**Descrición:** Creación de novas escolas infantís municipais en Balaídos, Calvario e Teis

**Xustificación:** A insuficiencia manifesta da oferta pública de prazas en escolas infantís, tal e como acredita o elevado número de solicitantes que quedan sen praza cada curso escolar, fai necesario a súa ampliación. A tal efecto é indispensábel a construción de novas escolas infantís municipais, que atendan a demanda existente no conxunto do territorio da cidade, e principiando por aqueles barrios que presentan un especial déficit como é o caso de Balaídos, O Calvario e Teis.

## Nº 02

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Funcionamento órganos de goberno

**Cantidade:** 25.000€

**Descrición:** Elaboración estudo e avaliación para o rescate público das concesións dos servizos de abastecemento de auga, recollida do lixo, mantemento de parques e xardíns e transporte urbano.

**Xustificación:** Os servizos públicos municipais cuxa xestión fica externalizada a través da súa concesión a empresas privadas ten sido obxecto reiterado de queixa veciñal, polas insuficiencias do servizo e tamén polos seus elevados custes. A dimensión económica e organizativa do Concello de Vigo outorgan condicións obxectivas para abordar o rescate público dalgunhas desas concesións, singularmente dos servizos de abastecemento de auga, recollida do lixo, mantemento de parques e xardíns e transporte urbano.

As experiencia existentes en diversos concellos de Europa a respecto dos beneficios económicos, sociais e de servizo que teñen como consecuencia as remunicipalizacións dos mesmos, garantindo unha xestión cento por cento pública, aconsellan que se acometa como primeiro paso a elaboración dun estudo e avaliación no caso concreto das referidas concesións municipais de Vigo.

## Nº 03

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Xuventude

**Cantidade:** 200.000€

**Descrición:** Programas de dinamización xuvenil Súbete ó Castro, Punto Xove e Casa da Xuventude

**Xustificación:** O programa de dinamización xuvenil Súbete ó Castro ten sido unha das mellores experiencias no seu campo, por facer concluír nun único proxecto varias liñas de actuación, como eran a oferta de alternativas de lecer e formación informal á mocidade, a dinamización dunha contorna degradada (Monte do Castro) e o aproveitamento dunha instalación municipal infrautilizada (vivenda e conserxería do depósito de auga).

Após o seu feche son numerosas as demandas por parte do colectivo de persoas usuarias que reclaman a súa reapertura. De igual maneira, sucede, cos servizos que se estaban a prestar tanto no Punto Xove como na propia Casa da Xuventude, e que foron na súa práctica totalidade, desmantelados.

#### Nº 04

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade:** 25.000€

**Descrición:** Elaboración proxecto construción dun centro de información ás mulleres no barrio de Coia

**Xustificación:** Para optimizar a atención municipal que se presta ao colectivo de mulleres, é indispensable a descentralización de servizos así como o aumento das dotacións desde os que estes se desenvolven. Nese sentido, o barrio de Coia e a súa contorna colindante, teñen unha poboación abondo que xustifique a necesidade de o dotar dun centro de información e atención municipal ás mulleres.

#### Nº 05

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade:** 300.000€

**Descrición:** Elaboración e posta en marcha do Plan Municipal de Apoio aos Coidados

**Xustificación:** Os coidados (atención a infancia, persoas idosas, dependentes...) son unha necesidade social que debe ser atendida tamén desde os poderes públicos, e singularmente desde a administración máis próxima á veciñanza.

O Plan Municipal de Apoio aos Coidados debe ser o instrumento público co que actuar desde o Concello, articulando de maneira integral actuacións nos diversos ámbitos e procurando dar unha resposta transversal e de conxunto.

A súa posta en marcha é especialmente necesaria para as mulleres, por ser o colectivo que por mor dos roles de xénero impostos polo patriarcado continúa a asumir, de maneira invisíbel e non remunerada, este traballo.

#### Nº 06

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas

**Cantidade:** 200.000€

**Descrición:** Elaboración proxecto e construción de bibliotecas municipais en Valadares, Coia, Navia e Lavadores

**Xustificación:** A posta en marcha dunha rede municipal de bibliotecas e salas de lectura exige reanudar o investimento realizado coa creación da biblioteca Xosé Neira Vilas, na Av. Martínez Garrido. Os barrios de Valadares, Coia, Navia e Lavadores teñen demandando desde hai tempo contar cunha biblioteca ante a ausencia de alternativas públicas e privadas nas súas inmediacións. Estas bibliotecas son proxectos adicionais ao previsto para o barrio de Teis no antigo centro de saúde.

Nº 07

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Transporte colectivo urbano de viaxeiros

**Cantidade:** 150.000€

**Descrición:** Bono bus gratuító para persoas desempregadas

**Xustificación:** A implementación dun novo bono bus que faga gratuíta a utilización do transporte urbano colectivo para o colectivo de persoas desempregadas de longa duración, é unha demanda histórica na nosa cidade. Trátase dunha medida coherente coa propia lóxica que fundamenta a existencia doutros descontos e bonos.

Nº 08

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas

**Cantidade:** 75.000€

**Descrición:** Programa de dinamización de bibliotecas e salas de lectura nos barrios

**Xustificación:** Son numerosas as entidades, centros culturais e veciñais, que contan con bibliotecas e salas de lectura nos diferentes barrios e parroquias da cidade. Espazos que nalgúns casos fican infrautilizados pola falla de recursos de estas entidades para a súa dinamización e apertura, polo que se fai preciso un programa municipal que atenda esta cuestión.

Nº 09

**Tipo de emenda:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Transporte colectivo urbano de viaxeiros

**Cantidade:** 50.000€

**Descrición:** Plan de mobilidade local sustentábel

**Xustificación:** A mobilidade é un aspecto esencial na ordenación urbana. Diante das palpábeis eivas e insuficiencias do actual modelo de transporte colectivo, é necesario poñer en marcha un plan de mobilidade que reforce este servizo, reduza o tránsito de vehículo privado, e favoreza o desprazamento peonil e por medios sustentábeis como a bicicleta.

Nº 10

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción social

**Cantidade:** 30.000€

**Descrición:** Axuda médico-farmacéutica

**Xustificación:** A implementación de diversas formas de repagamento sanitario combinada co crecente empobrecemento social, produce que sexa cada vez maior o número de persoas que teñen dificultades económicas para poderen acceder a medicamentos e tratamentos.

Nº 11

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade:** 300.000€

**Descrición:** Programa de apoio a mulleres vítimas de violencia machista

**Xustificación:** A violencia machista é a máis grave expresión do réxime de opresión e desigualdade que representa o patriarcado. A nosa cidade ten sido nos últimos meses escenario de graves agresións machistas, varias delas con resultado de morte. É por iso que se fai preciso implementar un programa específico que destine recursos e forneza dunha mellor e maior atención ás vítimas de violencia machista.

Nº 12

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Museos

**Cantidade:** 25.000€

**Descrición:** Reformulación do proxecto museístico do Verbum

**Xustificación:** A proposta museística do Verbum-Casa das Palabras fica obsoleta e resulta pouco atractiva para o público. Xa que logo, é urxente unha reformulación do proxecto museístico para dotar a este contedor cultural dunha nova orientación e actividade, co obxectivo de alargar o seu redemento social.

Nº 13

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Museos

**Cantidade:** 75.000€

**Descrición:** Plan de dinamización da Pinacoteca

**Xustificación:** A pinacoteca municipal ten unha enormes potencialidades do ponto de vista da posta en valor das artes plásticas e do seu acervo na industria cultural viguesa e galega. No entanto, esas potencialidades non están a ser axeitadamente desenvolvidas por causa, entre outros, de carecer dos recursos económicos necesarios.

Nº 14

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Museos

**Cantidade:** 100.000€

**Descrición:** Centro Galego de Fotografía

**Xustificación:** Recuperación e posta en marcha do proxecto do Centro Galego de Fotografía.

Nº 15

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Normalización Lingüística

**Cantidade:** 150.000€

**Descrición:** Programa de promoción da lingua galega en Vigo

**Xustificación:** A situación sociolingüística na cidade, na que se patentiza un retroceso no uso oral e escrito do idioma propio de Galiza, visa a necesidade de desenvolver un programa activo de promoción o uso do galego en todos os ámbitos, prestando especial atención á mocidade.

Nº 16

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Bibliotecas públicas

**Cantidade:** 100.000€

**Descrición:** Programa municipal de promoción da lectura

**Xustificación:** A lectura é unha actividade esencial para a boa saúde cultural dunha sociedade. Neste sentido, propónse desenvolver un programa de promoción desde o Concello, a se desprezar desde as bibliotecas públicas municipais e en colaboración con outras entidades e institucións e o tecido literario e editorial da cidade, para promocionar o hábito lector.

Nº 17

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Parques e xardíns

**Cantidade:** 100.000€

**Descrición:** Programa de protección e valorización ambiental do Río Lagares

**Xustificación:** O Lagares é o principal curso fluvial da cidade e un enclave natural de enorme riqueza do punto de vista ambiental e ecolóxico, que padece inda unha situación de degradación nalgúns dos seus tramos.

Nº 18

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade:** 500.000€

**Descrición:** Plan municipal de axuda ao alugueiro

**Xustificación:** A actual oferta de axudas sociais, quer municipais, quer de ámbito autonómico, non dan resposta suficiente a esta necesidade, polo que se fai preciso a posta en marcha dun Plan municipal de axuda ao alugueiro, que sendo compatíbel con outras axudas, ofrezca unha axuda máxima de 200€ mensuais para satisfacer as cotas de alugueiro de familias de ingresos baixos. Esta axuda servirá tamén para evitar que a situación

desemboque nun despexo. Tamén incluíra un programa facilitador do alugueiro que inclúa a posibilidade de anticipar o importe das fianzas, avais e outras garantías, en forma de préstamo sen xuros as persoas de menores recursos e a menores de 35 anos.

#### Nº 19

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Participación Cidadá

**Cantidade:** 50.000€

**Descrición:** Proxecto de novos Centro Cívicos Municipais no Calvario e Navia

**Xustificación:** Elaboración dos proxectos para a posta en marcha dun Centro Cívico Municipal nos barrios do Calvario e de Navia, para corrixir o déficit dotacional que presentan estes importantes contornos da cidade e atendendo a reivindicación veciñal.

#### Nº 20

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 30.000€

**Descrición:** Elaboración dun plan municipal de optimización e aforro do subministro de auga

**Xustificación:** Elaboración dun plan que, a partir dunha auditoría integral da rede de canalización, permita a implementación de medidas conducentes a optimizar o subministro de auga no termo municipal, a reducir as perdas derivadas da súa mala canalización e a promover o aforro no seu consumo.

#### Nº 21

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 250.000 €

**Descrición:** Programa de axudas para a prevención dos incendios, reforestación e valorización do monte comunal

**Xustificación:** Coa experiencia dos brutais efectos da vaga de lumes rexistrados no mes de outubro de 2017, é necesario despregar unha liña de axudas municipais, que combinadas coas que outras administracións poidan poñer en marcha, contribúan á prevención dos incendios, á reforestación e a valorización do monte en réxime de man común.

Nº 22

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 15.000€

**Descrición:** Estudo para a creación dunha empresa municipal de servizos

**Xustificación:** De cara a viabilizar a posíbel remunicipalización dalgúns servizos externalizados, subcontratados ou concesionados, estudarase as posibilidades e fórmulas de cara a dotar ao Concello de Vigo dunha, ou máis, empresas municipais de servizos.

Nº 23

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de goberno

**Cantidade:** 2.250.000€

**Descrición:** Programa piloto de orzamentos participativos “Vigo Veciñal”

**Xustificación:** A través deste programa despregarase unha primeira experiencia piloto de cara a dotar a Vigo de mecanismos efectivos de participación social na elaboración dos orzamentos municipais. A tal efecto, esta partida destinarase aos programas e investimentos que se determinen a través da participación veciñal, tanto directa como a través das entidades, organizacións, colectivos e asociacións da cidade.

Nº 24

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Xuventude

**Cantidade:** 30.000€

**Descrición:** Programa de formación e sensibilización sexo-afectiva e contra as violencias LGBTfóbicas

**Xustificación:** Posta en marcha dun programa destinado á mocidade desde o que ofrecer información e promover accións de sensibilización en materia de sexo-afectividade, cunha perspectiva feminista e inclusiva da diversidade de identidades e tendencias sexuais e o combate de todas as formas de violencia LGBTfóbicas.

Nº 25

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Parque das ciencias Vigozoo

**Cantidade:** 30.000€

**Descrición:** Proxecto de aplicación da estratexia Zoo XXI para o redeseño de Vigozoo

**Xustificación:** Implementar a estratexia Zoo XXI para avanzar cara a un modelo máis sustentábel e de maior respecto cara ao benestar animal.



Nº 26

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade:** 100.000€

**Descrición:** Programas do Consello Local de Cooperación Internacional e Solidariedade

**Xustificación:** Dotar dunha partida suficiente para que o Consello poida planificar o desenvolvemento e execución de programas en atención da súa misión e obxectivos, avanzando de atinxir o obxectivo do 0,7% dos orzamentos.

Nº 27

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade:** 250.000€

**Descrición:** Creación da Axencia Local de Vivenda Protexida e Social

**Xustificación:** Creación dun instrumento municipal desde o que promover e xestionar un Parque Municipal de Vivenda Protexida e Social.

Nº 28

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Promoción cultural

**Cantidade:** 200.000€

**Descrición:** Programas de dinamización cultural

**Xustificación:** Habilitar recursos para a recuperación dos programas culturais e festivais que foron suprimidos ou anulados nos últimos anos (Vigo a Escena, Alt, Move Vigo...) para reverter a política de desertización cultural.

Nº 29

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Deportes

**Cantidade:** 20.000 €

**Descrición:** Proxecto campo municipal de béisbol

**Xustificación:** Dotar a cidade dun campo homologado para a práctica deportiva de béisbol e para a súa utilización en competicións oficiais.

Nº 30

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Educación

**Cantidade:** 100.000 €

**Descrición:** Mellora e modernización das áreas de xogo dos patios escolares

**Xustificación:** Dotar os centros educativos públicos da cidade de áreas de xogo renovadas sobo concepto de “patios vivos”, cun deseño integrado co medio natural, que aposte nas experiencias manipulativas e sensitivas, os brinquedos tradicionais, e que evite a segregación de espazos por xénero.

Nº 31

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidade:** 75.000 €

**Descrición:** Programa Vigo.Cul

**Xustificación:** Apoio e promoción de grupos locais a través do despregamento dunha programación estábel e descentralizada de actuacións.

Nº 32

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidade:** 25.000 €

**Descrición:** Programa Cultura Moza

**Xustificación:** Destinado á promoción de grupos artísticos e musicais da cidade integrados por xente nova, a través da posta en marcha dunha programación estábel.

Nº 33

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidade:** 75.000 €

**Descrición:** Semana da Literatura de Vigo

**Xustificación:** Co obxectivo de reforzar o potencial da cidade no ámbito da creación e edición literaria, porase en marcha a “Semana da Literatura de Vigo” cunha ampla programación de eventos e actividades.

Nº 34

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidad:** 20.000 €

**Descrición:** Programa municipal de accesibilidade cognitiva

**Xustificación:** Que inclúa a sinalización de espazos mediante o uso de pictogramas, a implantación de mecanismos e procedementos de lectura fácil, o deseño de accesibilidade TIC, a promoción de recursos de apoio á comunicación e a formación específica do persoal municipal na comunicación con persoas con TEA e outros trastornos.

Nº 35

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidad:** 80.000 €

**Descrición:** Servizo de Atención Temperá especializado en TEA

**Xustificación:** A cidade de Vigo non pode seguir carecendo de un servizo público tan beneficioso para a calidade de vida de un numeroso grupo de poboación e para control da dependencia dos nenos e nenas que se diagnostican con TEA todos os anos na nosa cidade.

Nº 36

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Emprego

**Cantidad:** 75.000 €

**Descrición:** Programa de inserción laboral para persoas con diversidade funcional e TEA

**Xustificación:** Poñer en marcha un programa que promova a activa inserción laboral de persoas con diversidade funcional e TEA.

Nº 37

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidad:** 20.000,00 €

**Descrición:** Programa descentralizado de feiras e exposicións de artes plásticas

**Xustificación:** Poñer en marcha unha programación de feiras e exposicións de artes plásticas de carácter descentralizado nos barrios e parroquias, co obxectivo de achegar estas manifestacións culturais ao conxunto da veciñanza e brindar a posibilidade ás creadoras/es de dar a coñecer a súa obra.

Nº 38

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidade:** 25.000,00€

**Descrición:** Programa municipal de residencias artísticas e literarias

**Xustificación:** Desenvolver un programa municipal para a organización de residencias artísticas e literarias, incluíndo as diferentes disciplinas.

Nº 39

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Cultura

**Cantidade:** 150.000

**Descrición:** Programa da Dinamización da Cultura Tradicional

**Xustificación:** Desenvolver un programa dedicado á promoción, difusión e formación en música e baile tradicionais galegos, incluíndo unha liña de axudas aos colectivos e agrupacións culturais da cidade e ofertando a realización de accións formativas, gratuítas para o alumnado, nos centros escolares da cidade.

Nº 40

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Comercio

**Cantidade:** 200.000

**Descrición:** Plan integral de impulso do comercio polo miúdo e de proximidade de Vigo

**Xustificación:** Elaboración e execución dun Plan integral de impulso do comercio polo miúdo/de proximidade de Vigo co fin de mellorar e fortalecer a posición competitiva do sector e frear a perda de tecido comercial na cidade froito da profunda crise que atravesa o comercio.

Un plan que debe ser deseñado de maneira aberta e participativa contando coa participación activa de comercios, do tecido asociativo, das distintas áreas municipais, coas organizacións sindicais e coas organizacións políticas que forman parte da corporación municipal.

Este documento é fundamental para acadar unha maior eficacia nas medidas de apoio ao comercio que debe despregar o Concello de Vigo, e as medidas que se adopten debe elaborarse a partir dunha diagnose previa, fundamental para coñecer a realidade do sector.

Nº 41

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Medio ambiente

**Cantidade:** 50.000

**Descrición:** Plan Municipal de Transición Enerxética

**Xustificación:** A partir da declaración, polo Pleno en 2019, da situación de emerxencia climática na cidade, cómpre realizar un desenvolver un Plan Municipal que inclúa liñas e actuacións concretas destinadas a avanzar na sustentabilidade abordando a necesaria transición enerxética.

Nº 42

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Medio Ambiente

**Cantidade:** 75.000

**Descrición:** Oficina municipal de Enerxía

**Xustificación:** Creación dunha Oficina Municipal de Enerxía que preste apoio e asesoramento, a persoas e entidades, en relación as axudas públicas e recursos dispoñíbeis para o aforro e eficiencia enerxéticas, así como a posta en marcha de Comunidades Enerxéticas de carácter local, e prestar asistencia á cidadanía perante os abusos das empresas eléctricas.

Nº 43

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade:** 50.000,00 €

**Descrición:** Subvención bono-taxis discapacitados

**Xustificación:** O programa de bono-taxi tense demostrado un instrumento eficaz á hora de facilitar os desprazamentos das persoas con problemas de mobilidade, complementando o transporte colectivo.

Nº 44

**Tipo:** Creación de nova partida

**Grupo de programa / departamento:** Medio ambiente

**Cantidade:** 150.000,00 €

**Descrición:** Senda litoral na Radio Costeira de Saiáns

**Xustificación:** Construción dunha senda litoral de uso público nos terreos da antiga radio costeira en Saiáns.

## *II) PARTIDAS ORZAMENTARIAS DE GASTO A INCREMENTAR:*

Nº 45

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2310 2279908

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade aumento:** 19.000€

**Total partida:** 20.000€

**Descrición:** Plan local drogas

**Xustificación:** Dotar de máis recursos o Plan local de drogas.

Nº 46

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3260 4890001

**Grupo de programa / departamento:** Educación

**Cantidade aumento:** 100.000€

**Total partida:** 706.039,31€

**Descrición:** Convenio Foanpas

**Xustificación:** Aumentar a dotación económica do convenio suscrito con Foanpas para a mellor atención das necesidades extraordinarias derivadas do incremento dos prezos, nomeadamente no referido aos comedores escolares..

Nº 47

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 1710 6190003

**Grupo de programa / departamento:** Parques e xardíns

**Cantidade aumento:** 50.000€

**Total partida:** 150.000€

**Descrición:** Recuperación de zonas verdes

**Xustificación:** Dotar de maiores medios económicos que permitan actuar nunha maior superficie de zonas verdes da cidade.

Nº 48

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2310 4800000

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade aumento:** 1.000.000€

**Total partida:** 2.150.000€

**Descrición:** Axudas a familias e fondos de emerxencia desafiuzamentos

**Xustificación:** Enfrontar o crecente empobrecemento, a carestía de prezos e a insuficiencia das axudas públicas existentes.

Nº 49

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2310 4810000

**Grupo de programa / departamento:** Acción Social

**Cantidade aumento:** 172.410,60 €

**Total partida:** 1.500.000€

**Descrición:** Becas libro comedor

**Xustificación:** A situación social e a rebaixa nas becas e axudas públicas destinadas ao ensino por parte doutras administracións fan necesario reforzar as becas municipais.

Nº 50

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2311 2260200

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade aumento:** 147.000€

**Total partida:** 150.000€

**Descrición:** Campañas contra a violencia de xénero

**Xustificación:** O aumento no número de mortes a causa de violencia machista na nosa cidade, xustifican que desde o Concello de Vigo se teña que desenvolver un grande esforzo para combater o discurso patriarcal do que xorde esa violencia, para poñer freo aos feminicidios.

Nº 51

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2311 2279906

**Grupo de programa / departamento:** Igualdade e xénero

**Cantidade aumento:** 345.000€

**Total partida:** 500.000€

**Descrición:** Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades

**Xustificación:** Cómpre despregar máis recursos para executar na súa integridade as accións recollidas no plan, alargando a súa incidencia social para avanzar cara a unha sociedade plenamente igualitaria e na que fiquese superada a discriminación por razón de xénero.

Nº 52

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2410 1310000

**Grupo de programa / departamento:** Fomento e promoción emprego

**Cantidade aumento:** 1.800.000€

**Total partida:** 3.000.000€

**Descrición:** Programa de axudas ao Plan de emprego municipal (DUSI OT9 LA17 INSERCIÓN LABORAL)

**Xustificación:** A posta en marcha do actual Plan de emprego municipal, por iniciativa do BNG, supuxo un salto cualitativo de grande importancia na implicación do Concello na promoción do emprego na nosa cidade. As causas que o motivaron fican plenamente viventes, cun elevado número de persoas desempregadas. A caída da taxa de protección social e, xa que logo, o aumento das persoas paradas de longa duración que carecen de fontes de ingresos, fan necesario reforzar novamente este plan dotándoo de máis recursos.

Nº 53

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2260202

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 47.000€

**Total partida:** 50.000€

**Descrición:** Promoción de actividades museísticas

**Xustificación:** Vigo conta con instalacións museísticas de grande valor, tanto na súas dotacións-contedores como nos seus contidos. Para paliar a continuada perda de visitantes é imprescindible acometer unha maior dinamización e promoción da actividade museística.



Nº 54

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2260900

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 100.000€

**Total partida:** 141.000€

**Descrición:** Programa de actividades

**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Nº55

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2260901

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 110.000€

**Total partida:** 200.000€

**Descrición:** Programa exposicións

**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Nº 56

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3330 2279903

**Grupo de programa / departamento:** Rede museística

**Cantidade aumento:** 40.000€

**Total partida:** 80.000€

**Descrición:** Plan de dinamización e recup. Arquivo Pacheco

**Xustificación:** Axudar a dinamizar e promover a rede museística.

Nº 57

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3380 4800001

**Grupo de programa / departamento:**

**Cantidade aumento:** 50.000€

**Total partida:** 150.000€

**Descrición:** Convenio Festa da Reconquista

**Xustificación:** Fornecer dun maior financiamento un dos eventos de maior trascendencia na oferta cultural da cidade, para promover desta maneira un maior aproveitamento dos retornos turísticos.

Nº 58

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2410 4700000

**Grupo de programa / departamento:** Fomento e promoción do emprego

**Cantidade aumento:** 149.900 €

**Total partida:** 150.000€

**Descrición:** Plan de emprego xuvenil

**Xustificación:** Fornecer dun maior financiamento o plan de emprego xuvenil atendendo a grave situación laboral, marcada por un elevado desemprego e unha grande precariedade, e que afecta de maneira específica á mocidade.

Nº 59

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3410 4890000

**Grupo de programa / departamento:** Promoción e fomento do deporte

**Cantidade aumento:** 50.000€

**Total partida:** 1.000.000€

**Descrición:** Subvención a clubs deportivos sen ánimo de lucro,

**Xustificación:** Fornecer dun maior financiamento a partida destinada as achegas económicas que o Concello de Vigo destina ao deporte de base.

Nº 60

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 1721 2120000

**Grupo de programa / departamento:** Protección contaminación

**Cantidade aumento:** 34.000€

**Total partida:** 50.000€

**Descrición:** Mantemento da caneira da Madroa

**Xustificación:** Dotar de máis medios para atender as necesidades de mantemento dunhas instalacións en claro estado de precariedade e insuficiencia.

Nº 61

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 1721 2260201

**Grupo de programa / departamento:** Protección contaminación

**Cantidade aumento:** 47.000€

**Total partida:** 50.000€

**Descrición:** Campañas sensibilización ambiental

**Xustificación:** Promover desde o ámbito municipal a sensibilización ambiental no conxunto da poboación e singularmente enfrontar os retos da emerxencia climática.

Nº 62

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 1721 2279904

**Grupo de programa / departamento:** Protección contaminación

**Cantidade aumento:** 25.000€

**Total partida:** 130.000€

**Descrición:** Convenio sociedade protectora de animais

**Xustificación:** Dotar de máis medios á entidade que xestiona a protectora para atender en mellores condicións os animais.

Nº 63

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 2310 4539000

**Grupo de programa / departamento:** Acción social

**Cantidade aumento:** 30.000€

**Total partida:** 175.000 €

**Descrición:** Programa Xantar na Casa

**Xustificación:** Estender o número de persoas beneficiarias.

Nº 64

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3331 2260906

**Grupo de programa / departamento:** Equipamentos culturais

**Cantidade aumento:** 100.000 €

**Total partida:** 200.000€

**Descrición:** Programación auditorio municipal

**Xustificación:** Duplicar os medios económicos asignados inicialmente co obxectivo de alargar a oferta de actividades e asegurar unha programación estábel durante doce meses.

Nº 65

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3340 4800016

**Grupo de programa / departamento:** Promoción cultural

**Cantidade aumento:** 15.000 €

**Total partida:** 20.000€

**Descrición:** Subvención federación libeiros de Galiza, Feira do Libro.

**Xustificación:** Dimensionar un evento da relevancia da Feira do Libro de Vigo para contribuír á promoción da lectura e da literatura na nosa cidade.

Nº 66

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 4930 2260200

**Grupo de programa / departamento:** Protección consumidores

**Cantidade aumento:** 9.000 €

**Total partida:** 12.000€

**Descrición:** Orientación e información ao consumidor.

**Xustificación:** Reforzar de maneira significativa os servizos de asesoramento ás persoas consumidoras da nosa cidade.

Nº 67

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 9240 4890000

**Grupo de programa / departamento:** Participación cidadá

**Cantidade aumento:** 50.000 €

**Total partida:** 400.000 €

**Descrición:** Subvencións a entidades cidadás.

**Xustificación:** Destinar máis medios para colaborar no financiamento de actividades e servizos prestados polo tecido asociativo.

Nº 68

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3230 2120000

**Grupo de programa / departamento:** Funcionamento centros docentes

**Cantidade aumento:** 30.000 €

**Total partida:** 700.000 €

**Descrición:** Reparacións e mantementos de edificios dos colexios.

**Xustificación:** Atendendo a elevada antigüidade da meirande parte dos edificios que albergan os centros escolares da cidade é previsíbel unha maior necesidade de actuacións de mantemento.

Nº 69

**Tipo:** Aumento

**Partida:** 3340 4800019

**Grupo de programa / departamento:** Promoción cultural

**Cantidade aumento:** 22.000 €

**Total partida:** 30.000 €

**Descrición:** Convenio Fundación SondeSeu programa de concertos.

**Xustificación:** Potenciar a música folque na cidade de Vigo facendo valer o feito de ser a única urbe do estado que conta cunha orquestra folque e con grande proxección internacional.

<b>IMPORTE TOTAL AUMENTADO: 11.842.310,60 €</b>
---

### III) MINORACIÓN OU SUPRESIÓN DE PARTIDAS DE GASTO

#### Nº 70

**Tipo:** Diminución

**Partida:** 1622 2270016

**Grupo de programa / departamento:** Xestión residuos

**Cantidade diminución:** -4.353.910,60€

**Total partida:** 2.231.634,40€

**Descrición:** Verquido do lixo en Sogama.

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

#### Nº 71

**Tipo:** Diminución

**Partida:** 4310 2279900

**Grupo de programa / departamento:** Comercio

**Cantidade diminución:** -1.000.000€

**Total partida:** 500.000 €

**Descrición:** Instalación e mantemento do alumeadado de nadal

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

#### Nº 72

**Tipo:** Diminución

**Partida:** 4310 2279901

**Grupo de programa / departamento:** Comercio

**Cantidade diminución:** -700.000€

**Total partida:** 150.000 €

**Descrición:** Programa de decoración e animación de Nadal

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 73

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 3260 2279917

**Grupo de programa / departamento:** Servizos complementarios de educación

**Cantidade diminución:** -2.453.400€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Programa educativo Aulas Internacionais

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financieiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 74

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 3331 4700002

**Grupo de programa / departamento:** Equipamentos culturais

**Cantidade diminución:** -500.000€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Convenio promoción cultural Auditorio do Mar

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financieiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 75

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 4320 2279902

**Grupo de programa / departamento:** Información e promoción turística

**Cantidade diminución:** -1.200.000€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Promoción turística destinos rutas aéreas

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financieiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 76

**Tipo:** Diminución da partida

**Partida:** 9120 2260100

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -175.000€

**Total partida:** 25.000 €

**Descrición:** Gastos órganos de gobierno

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 77

**Tipo:** Diminución da partida

**Partida:** 9120 2260900

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -70.000€

**Total partida:** 10.000,00 €

**Descrición:** Exposición, congresos e actividades

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 78

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 9120 2270600

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -50.000€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Redacción de estudos e proxectos institucionais

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.



Nº79

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 9120 2279900

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -40.000 €

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Ase. Infraestruturas, urbanismo e outras

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 80

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 9120 2279902

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -80.000€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Convenios

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 81

**Tipo:** Supresión da partida

**Partida:** 9120 2279905

**Grupo de programa / departamento:** Órganos de gobierno

**Cantidade diminución:** -120.000€

**Total partida:** ----- €

**Descrición:** Programas alcaldía

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 82

**Tipo:** Diminución da partida

**Partida:** 9121 2260200

**Grupo de programa / departamento:** Relacións institucionais e protocolo

**Cantidade diminución:** -1.000.000€

**Total partida:** 218.199,59 €

**Descrición:** Anuncios, bandos e campañas institucionais

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.

Nº 83

**Tipo:** Diminución da partida

**Partida:** 9290 5000000

**Grupo de programa / departamento:** Imprevistos, situación transitorias e continxencia

**Cantidade diminución:** -100.000€

**Total partida:** 500.000 €

**Descrición:** Fondo de continxencia

**Xustificación:** Asegurar o equilibrio económico-financeiro dos orzamentos, liberando recursos para a súa asignación noutras partidas, a través das emendas de aumento ou nova creación formuladas.


<b>IMPORTE TOTAL DIMINUÍDO: 11.842.310,60 €</b>
---

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

Que conste por interposto este escrito e estime as súas pretensións, para a que á vista das mesmas se proceda a MODIFICAR o proxecto de orzamentos xerais do Concello de Vigo para o vindeiro ano 2023, conforme ao sinalado nas emendas que se formulan.

En Vigo a 11 de novembro de 2022.

Asdo.:



Xabier P. Igrexas  
**Concelleiro do BNG**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE,  
CONCELLO DE VIGO**